

## Índice de confianza do consumidor. Decembro 2007. COMUNICADO


### Continúa o descenso dos indicadores de sentimento e confianza do consumidor.

**Os saldos das preguntas referidas ás perspectivas de evolución da situación financeira e á capacidade futura de aforro son os que máis contribúen a este descenso.**

O índice de confianza do consumidor presenta no mes de decembro de 2007 un descenso de 4,1 puntos con respecto ao pasado mes de novembro acadando un saldo de -29,7. Entre as compoñentes do ICC, e con respecto ao mes de novembro, a que presenta un comportamento menos desfavorable é a evolución do emprego, que baixa un punto. As outras tres compoñentes do índice mostran descensos máis importantes con respecto ao mes anterior. A compoñente que máis baixa é a relativa á capacidade futura de aforro, que descende 6,1 puntos.

O suave descenso do saldo do indicador de sentimento con respecto ao mes anterior é debido ao distinto comportamento dos seus compoñentes. Soben os saldos referentes á evolución pasada da situación financeira persoal e en Galicia así como a oportunidade de facer grandes compras. Pola contra as perspectivas de evolución da situación económica en Galicia e da situación financeira persoal descenden con respecto aos valores acadados no pasado mes de novembro.

No seguinte gráfico podemos observar o comportamento similar do ICC para Galicia e o ICC para España (elaborado polo ICO) nos últimos meses.



Ó ICC do ICO restóuselle 100 para poder comparalo co do IGE.

Na seguinte táboa vese a evolución dos indicadores resumo (ICC e ISC) para Galicia nos últimos meses.

### Indicadores resumo

*Unidade: saldo respostas en %*


	ICC	ISC
<b>2006</b>		
Xaneiro	-21,5	-28,7
Febreiro	-19,1	-26,1
Marzo	-18,0	-25,7
Abril	-17,4	-25,6
Maio	-18,0	-27,3
Xuño	-17,3	-26,7
Xullo	-16,7	-24,1
Agosto	-18,5	-23,4
Setembro	-20,2	-22,7
Outubro	-22,3	-27,7
Novembro	-22,7	-27,0
Decembro	-20,3	-26,0
<b>2007</b>		
Xaneiro	-21,7	-27,8
Febreiro	-18,4	-25,4
Marzo	-17,3	-23,6
Abril	-12,4	-20,0
Maio	-14,2	-24,0
Xuño	-11,9	-22,0
Xullo	-9,8	-18,1
Agosto	-17,3	-23,4
Setembro	-24,9	-28,8
Outubro	-23,1	-28,0
Novembro	-25,6	-32,9
Decembro	-29,7	-34,3

Fonte: IGE. Índice de confianza do consumidor

### **Modérase a caída do saldo referente á evolución pasada dos prezos e descende levemente o referente ás perspectivas de evolución**

No referente aos prezos, debemos distinguir dous saldos. O primeiro fai referencia á opinión dos fogares acerca do comportamento dos prezos nos últimos doce meses (evolución pasada). Este sofre un descenso de sómente 0,2 puntos con respecto ao mes de novembro acadando un valor de -62,1. Na comparativa interanual o descenso é de 43,9 puntos.

O outro saldo relativo aos prezos recolle a opinión dos fogares sobre as perspectivas de evolución (nos seguintes doce meses) dos mesmos. Este saldo diminúe en 1,8 puntos o saldo acadado o pasado mes de novembro e sitúase en -29,4.



**Definicións:**

**Índice de confianza do consumidor:** media simple dos resultados das preguntas relativas á situación económica futura do fogar e da Comunidade Autónoma, capacidade futura de aforro e evolución do número de parados.

**Índice de sentimento do consumidor:** media dos resultados das preguntas relativas á oportunidade de facer grandes compras e á situación financeira persoal e de Galicia (tanto a evolución pasada coma as perspectivas de evolución).

---

**Para máis información:**

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Comunicados en : <http://www.ige.eu>